

Roberto Tizón Miguéns con D.I. xxxxxxxx e enderezo, para os efectos de notificación, nos locais da sección sindical da CIG sitos no Pazo de María Pita, na miña condición de Secretario da Sección Sindical da CIG no concello da Coruña

MANIFESTO:

- Que o pasado día 15 do presente mes de outubro os representantes do Goberno Municipal nos fixeron entrega das Bases da Convocatoria para a provisión por concurso de méritos dos postos de traballo vacantes no concello da Coruña.
- Tralo oportuno análise deste documento non podemos evitar facer as seguintes

ALEGACIONES:

1. A pesar de que a convocatoria permite a participación do persoal laboral e funcionario, na practica esto non sucede co persoal laboral que está ocupando prazas en postos que a RPT cualifica como de funcionarios pois non ten o requisito da mesma relación xurídica, mentras o persoal funcionario queda exento deste requisito.
2. O persoal que estando en comisión de servizos non obteña un posto neste concurso volverá ao seu posto de orixe e en caso de que este non exista deberá ser adscrito a un posto da súa mesma categoría
3. Non se debe valorar o tempo traballado en comisión de servizos.
4. Existe un erro na definición da puntuación máxima polo tempo traballado.
5. Non se deberá valorar titulacións superiores a requirida para o posto que se pretende.
6. Non se deben valorar mais os cursos impartidos que os recibidos.
7. So se deben valorar os servizos prestados no concello da Coruña.
8. A puntuación máxima da valoración do traballo desenvolto non debe superar á da antigüidade xeral.
9. A puntuación da memoria supón un 31.91% do total do concurso, tendo en conta que se compran e se confeccionan por encargo , creo que non debería superar o 20% da puntuación total.
- 10.A lexislación de referencia no proceso debe ser o Decreto 93/91, que debe prevalecer por riba do resto da lexislación estatal.

Como complemento destas bases se nos facilitou un listado de vacantes para o concurso co que non concordamos en absoluto xa que faltan un número

importante de prazas vacantes que están sendo ocupadas en comisión de servizos, mediante ascripción provisional ou con persoal interino que non figuran neste listado; vaian como exemplo os postos de Técnico Superior de Intervención Urbanística, si se inclue o de licencias, pero non outro que está na Xestión do Solo, Si se inclue o Xefe de Delineación de Urbanismo pero non o de Medio Ambiente; e Xefe de Sección 1 (Activ Edif. e Obras) que ocupado en comisión de servizos non se inclue na relación anterior.

Asemade outras prazas orzamentadas e non cubertas tampouco son convocadas. Técnico de Intervención Urbanística (Ofic. Tec. Interv.)

Polo anteriormente exposto

SOLICITAMOS:

Que se teñan por presentadas estas alegacións, e que non se aprobe bases para a provisión de postos por concurso ate que se teñan en conta estas alegacións e se poidan depurar con exactitude os postos vacantes.

A Coruña, 23 de outubro de 2008

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DA CORUÑA